

# **Regulamento do Traballo Fin de Grao en Empresa e Tecnoloxía da Facultade de Administración e Dirección de Empresas**

**Aprobado na Xunta de Facultade de 19 de xullo de 2023**

**Aprobado polo Consello de Goberno da USC de 11 de outubro de 2023**

O *Real Decreto 822/2021*, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, no seu artigo 17.6, establece que o traballo de fin de Grao (en adiante TFG) ten carácter obrigatorio e a súa superación é imprescindible para a obtención do título oficial, sendo o seu obxectivo esencial a demostración por parte do ou da estudante do dominio e aplicación dos coñecementos, competencias e habilidades definitorios do título universitario oficial de Grao. Disporá dun mínimo de 6 créditos para todos os títulos, e un máximo de 24 créditos para os títulos de 240 créditos. Deberá desenvolverse na fase final do plan de estudos e deberá ser defendido nun acto público, seguindo a normativa que para ese efecto estableza o centro ou no seu caso a universidade.

No *Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na Universidade de Santiago de Compostela*, aprobada na sesión do Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016, establécense as liñas básicas para a regulación dos traballos de fin de grao das diferentes titulacións de grao da USC.

No *Plan de Estudos de Grao en Empresa e Tecnoloxía* da Universidade de Santiago de Compostela (USC), establécese o número de créditos que suporá o TFG.

En desenvolvemento das disposicións citadas, a Xunta da Facultade de ADE (en adiante Facultade de ADE), en exercicio das competencias que lle atribúen os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e o *Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na Universidade de Santiago de Compostela*, aproba o seguinte Regulamento do Traballo de Fin de Grao en Empresa e Tecnoloxía da Facultade de ADE.

## **Capítulo 1. Consideracións xerais**

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación

Este Regulamento do TFG en Empresa e Tecnoloxía ten por obxecto a regulación do proceso de realización, defensa, avaliación e tramitación administrativa do TFG da titulación de Grao en Empresa e Tecnoloxía que se imparte na Facultade de ADE.

## Artigo 2.- Características do TFG

O plan de estudos de Grao en Empresa e Tecnoloxía establece para o TFG unha carga de 6 créditos obrigatorios. Os TFG serán individuais.

## Artigo 3.- Natureza do TFG

O TFG consistirá na elaboración, por parte do estudante, dun traballo orixinal no que se acrediten os coñecementos, capacidades, competencias e habilidades adquiridos durante os estudos realizados no Grao en Empresa e Tecnoloxía. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de resultados relevantes, redacción, e presentación e defensa do traballo. Dependendo da temática que se aborde poderá incluír, ademais, unha parte empírica sinxela ou unha análise de casos.

De acordo co establecido na memoria verificada do título de Grao en Empresa e Tecnoloxía, no TFG deberá acreditarse a adquisición das seguintes competencias:

### Básicas e xerais:

- Adquirir un conxunto de coñecementos teóricos e prácticos en relación co proceso de creación e administración de empresas na era dixital
- Identificar, reunir, analizar e interpretar datos relevantes sobre cuestións relacionadas co ámbito empresarial e tecnolóxico
- Desenvolver un pensamento e razoamento crítico, incluíndo reflexións éticas sobre temas fundamentais de carácter empresarial e económico na era dixital, e comunicalos de maneira efectiva, tanto nas linguas propias como en inglés
- Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
- Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
- Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
- Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía

### Transversais:

- Buscar, procesar, analizar e sintetizar información procedente de distintas fontes
- Organizar e planificar o traballo en función dos obxectivos e recursos dispoñibles
- Capacidade de resolver problemas e tomar decisións aplicando os coñecementos teóricos á práctica
- Comunicación oral e escrita adaptada ás necesidades dos destinatarios
- Capacidade para a aprendizaxe autónoma e autoavaliación

Específicas:

- Identificar fontes de información fiable, elaborar e interpretar devandita información utilizando as técnicas de análises e as ferramentas matemáticas, estatísticas e tecnolóxicas apropiadas para dar apoio á toma de decisións
- Coñecer e saber utilizar ferramentas e mecanismos de representación, almacenamento, transformación, análise e comunicación da información de maneira fiable e eficiente
- Analizar, diagnosticar e tomar decisións nas distintas áreas funcionais da xestión de empresas seleccionando e aplicando as ferramentas tecnolóxicas máis apropiadas

Artigo 4.- Órganos da Facultade encargados da xestión dos TFG

Os órganos da Facultade encargados da Xestión dos TFG son o/a coordinador/a de TFG en Empresa e Tecnoloxía e a Comisión de Calidade e Docencia. Desta Comisión forma parte o/a Coordinador/a do título que desenvolve tamén as funcións de Coordinador/a de TFG.

As competencias da Comisión encargada da xestión dos TFG son:

- Propoñer anualmente a Guía Docente na que se determinarán as características que deben cumprir os traballos (extensión, formato, contido,...); o tempo que o estudante disporá para a súa defensa; as diferentes formas de desenvolvemento e exposición; e a porcentaxe asignada a cada unha das tres partes de que consta o proceso de avaliación (calidade, presentación escrita e exposición e defensa pública).
- Establecer a convocatoria anual de traballos nas 3 oportunidades.
- Determinar os sistemas de tutoría.
- Aprobar a proposta de temas, previa consulta aos departamentos con docencia no título.
- Establecer e publicar un procedemento para a asignación dos titores/as e os temas que poderán desenvolverse na elaboración dos traballos
- Decidir sobre a modificación de temas e/ou titor/a asignado derivada de situacións excepcionais, previa consulta ao/s departamento/s afectado/s.
- Aprobar os tribunais de avaliación e fixar o sistema de rotación dos mesmos
- Autorizar a presentación dos traballos en casos excepcionais.
- Propor os prazos de entrega dos traballos e informes de seguimento e as datas de defensa dos traballos de acordo co calendario académico.
- Solucionar as incidencias graves relativas a esta materia.
- Calquera outra que a Xunta de Centro lle encomende.

A Xunta de Facultade aprobará a Guía Docente e os períodos de presentación dos TFG, que se publicarán xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico.

Artigo 5.- Matrícula e convocatorias

Para poder formalizar a matrícula do TFG o alumnado poderá ter pendentes como máximo 75 créditos para completar os estudos, excluídos os correspondentes ao TFG.

A matrícula dará dereito á entrega e defensa do traballo en dúas oportunidades no curso no que estea matriculado, sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.

Os TFG entregados só poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, salvo os correspondentes aos propios traballos.

A Facultade deberá verificar que se cumpran estes requisitos para autorizar a súa defensa. Para estes efectos, no caso de que na data de defensa aínda non se recepcionaran todas as actas de avaliación das materias, o/a secretario/a da Facultade solicitará do profesorado encargado das materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia defender os traballos na mesma convocatoria.

O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de catro, e poderá contar con dúas oportunidades por curso académico. A obtención de non presentado nalguna das oportunidades ou en todas computarase para os efectos de consumir a convocatoria. Para poder presentarse a unha nova convocatoria será necesaria a formalización de nova matrícula.

No suposto de que o/a estudante non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, considerarase unha renuncia automática polo que non se computará para os efectos de consumir convocatoria.

## **Capítulo 2. Titores e temas**

### **Artigo 6.- Titor/a**

Cada TFG require un/ha titor/a que será persoal docente e investigador (PDI) das áreas con docencia na titulación. Por razóns xustificadas, e se a comisión con competencias no TFG o estima oportuno, poderá designarse un/ha cotitor/a.

Os TFG poden desenvolverse parcialmente no marco de convenios con empresas ou institucións. Nestes casos poderá designarse un/ha cotitor/a que poderá ser persoal do Centro ou Institución no que se desenvolva o traballo. En todo caso a defensa e avaliación dos traballos deberá realizarse na USC.

### **Artigo 7.- Funcións do/a titor/a**

O/A titor/a programará sesións de traballo co estudante, nas que establecerá a programación das tarefas que debe realizar e orientará o traballo. Será responsable de expor a cada estudante as características do traballo, de orientalo no seu desenvolvemento e de velar polo cumprimento do obxectivos fixados. O/A titor/a deberá emitir un informe preceptivo e vinculante no que se avalíe a calidade do traballo e a presentación escrita. Este informe deberá ser entregado na Secretaría de Decanato no prazo que estableza o Centro e sempre antes da defensa pública do traballo.

### **Artigo 8.- Temas**

O Centro fará unha estimación do número de temas de TFG necesarios en cada curso académico e informará a cada departamento sobre cantos lles corresponde propoñer. A proposta de temas e titores dos departamentos será aprobada pola Comisión responsable dos TFG.

## Artigo 9.- Asignación dos temas de TFG ao alumnado

A asignación dos temas de TFG aos alumnos levarase a efecto a través de dúas convocatorias. A primeira estará dirixida aos estudantes matriculados de TFG no prazo xeral de matrícula e a segunda aos matriculados no prazo de modificación para materias do 2º semestre (nesta segunda convocatoria tamén deben participar os estudantes que non participaron no proceso de asignación de tema na primeira convocatoria).

As dúas convocatorias teñen o mesmo desenvolvemento e estrutúranse en tres fases.

Na primeira fase os/as estudantes con tema de TFG asignado no curso anterior que desexen cambiar de tema deben comunicalo no prazo establecido na propia convocatoria. De non facelo, entenderase que desexan continuar co mesmo tema.

Na segunda fase publicaranse dúas listas: na primeira delas figurarán os temas e titores dos/das estudantes con tema asignado no curso anterior que optaron por continuar co mesmo tema; e na segunda os temas e titores ofertados xunto cos/cas estudantes matriculados en TFG, ordenados por expediente académico, que optan a eles. O número de temas ofertados nesta segunda lista será, cando menos, igual ao número de estudantes.

Na última das fases, os/as estudantes cubrirán un formulario de solicitude numerando por orde de preferencia os temas de TFG que desexan realizar. A asignación realizarase en función do expediente académico. Para garantir que lle sexa asignado un tema, cada estudante deberá indicar na solicitude un número de temas acorde co lugar que ocupa na lista ordenada por expediente.

O/A titor/a e o/a estudante deberán acordar o título concreto de cada TFG en función do tema asignado.

## **Capítulo 3. Características dos TFG**

### Artigo 10.- Extensión do TFG

A extensión do TFG será establecida na Guía Docente do curso académico correspondente.

### Artigo 11.- Traballo a presentar

O documento presentado amosará o traballo desenvolvido polo alumno. Na guía docente figurará unha proposta de formato e de apartados.

## **Capítulo 4. Entrega, defensa, avaliación e revisión dos TFG**

### Artigo 12.- Entrega do TFG

O/A alumno/a entregará e solicitará a avaliación do TFG seguindo o procedemento establecido na Guía Docente.

A entrega e solicitude de avaliación dun TFG implica a súa defensa na primeira oportunidade de avaliación que teña lugar. En caso de non superar esta oportunidade,

o/a estudante deberá volver a realizar a entrega e solicitar a defensa pública na seguinte oportunidade de avaliación á que decida concorrer.

O alumnado que, unha vez feita a entrega do traballo e verificadas as condicións para a súa defensa, non expoña e defenda o TFG na data asignada terá a cualificación de suspenso nesa oportunidade, con independencia da cualificación obtida nos apartados de calidade do traballo e presentación escrita.

#### Artigo 13.- Exposición e defensa pública dos TFG

Os TFG requirirán de exposición e defensa pública de xeito presencial. En casos excepcionais debidamente autorizados pola Comisión responsable dos TFG, poderá realizarse a defensa por medios telemáticos, coas garantías que se determinen na autorización.

#### Artigo 14.- Avaliación

A avaliación da calidade e da presentación escrita dos traballos será levada a cabo polo titor/a mediante un informe preceptivo e vinculante, e a avaliación da exposición e defensa pública corresponderalle a un tribunal. A cualificación final do traballo será emitida polo tribunal en base ao informe do/a titor/a e a valoración que o propio tribunal faga da exposición e defensa pública.

A ponderación das tres partes do proceso de avaliación (calidade do traballo, presentación escrita e exposición e defensa) será establecida na Guía Docente da materia.

Os TFG deben ser traballos orixinais de elaboración propia e deben citarse debidamente as fontes que se tiveron en conta para a súa realización. O incumprimento desta obrigaón suporá a cualificación de “suspenso” na convocatoria e o deber do/a titor/a e do tribunal que o detecte de poñelo en coñecemento da Reitoría a efectos de iniciar as accións disciplinarias que procedan, de conformidade co artigo 16 da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*.

No que respecta á mención de “Matrícula de Honra” aplicarase o disposto no artigo 9.2 do *Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster*.

#### Artigo 15.- Tribunais de avaliación

Os tribunais avaliadores dos traballos estarán formados por tres membros (Presidente, Secretario e Vogal) que serán PDI da titulación e, cando menos, un suplente. Utilizarase o criterio de categoría docente e antigüidade para nomear o presidente/a, que será o de maior categoría e máis antigo, e o/a secretario/a, que será o de menor categoría e máis novo.

A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada. No caso de que un dos membros do Tribunal non poida asistir e deba actuar o suplente, este substituirá ao membro ausente tamén no cargo que ostentaba dentro do Tribunal.

## Artigo 16.- Requisitos de avaliación

Os TFG entregados só poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título, salvo os correspondentes ao TFG.

No caso de que algún ou algunha estudante defenda o TFG sen cumprir o requisito de ter superados os créditos necesarios, a avaliación non producirá efectos.

## Artigo 18.- Proceso de revisión

O alumnado terá dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisionais. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e contemplarán como mínimo dúas datas opcionais. Para estes efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo.

A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do Tribunal. Nas datas de revisión os titores dos TFG estarán dispoñibles por se fose necesaria a súa presenza a requirimento do membro ou membros do Tribunal que realicen a revisión. En todo caso deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou mediante calquera sistema que acredite a súa realización.

O procedemento de reclamación contra a cualificación será o establecido na normativa vixente relativa á avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

## Capítulo 5. Dereitos e deberes do alumnado. Publicación dos TFG

### Artigo 19.- Dereitos e deberes do alumnado

Os dereitos e deberes do alumnado serán os que figuran nos artigos 11 e 12 do *Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster*.

### Artigo 20.- Publicación do traballos

Unha copia en formato electrónico dos traballos superados quedará depositada no Centro para o seu arquivo e consulta, e poderá ser utilizada na Universidade de Santiago de Compostela para usos académicos e de investigación, sempre coa mención específica aos seus autores. Para estes efectos o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo inédito.

A Comisión responsable do TFG poderá propoñer a publicación dos TFG que destaquen pola súa calidade no repositorio institucional da USC (Minerva), e en especial propoñeranse os dos/as alumnos/as que acaden a mención de matrícula de honra nesta materia. Os/as autores/as dos traballos propostos, co visto e prace do/a titor/a, deberán asinar o correspondente documento para autorizar a súa difusión no que declaren que se trata dun traballo orixinal.

### **Disposición Final. Entrada en vigor**

1. Este Regulamento será de aplicación a partir do curso 2023-24, unha vez aprobado polo Consello de Goberno e publicado no Taboleiro Electrónico da USC.
2. Este Regulamento será interpretado en consonancia co resto de normas e procedementos da Universidade de Santiago de Compostela vixentes, en especial co *Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster*.